

O TRABALLO DOS NOSOS FILLOS

Se vostede quere que o seu fillo se afeccione a estudar, e aprenda con gusto e con ansia de superarse, e ser no futuro unha persoa instruída, debe amosarlle desde pequeno que non hai nada tan importante para unha persoa como a educación.

Fágalle ver que para vostede é motivo de orgullo que el estudie, que vostede respecta o traballo dos seus profesores, e que non se debe escatimar na escola o que ás veces se gasta sen pensar en cousas menos importantes.

RECORDEN QUE:

Cada trimestre os alumnos reciben un boletín de notas para entregar ós seus pais ou persoas responsables deles.

Se o profesor titor do seu fillo os convoca a unha reunión, faino para lles comunicar noticias que, de seguro, serán do seu interese.

Aínda sen que os chame, é conveniente que periodicamente pasen a ver ó profesor titor para pedirlle información sobre a marcha dos estudos do seu fillo. Iso, ademais do interese por coñecer esa información, axudará a que o seu fillo vexa que para vostedes é importante o estudio, o cal é seguro que influirá positivamente no seu rendemento.

Se vostedes van falar co profesor titor sen que el os chame, é importante que avisen antes, por teléfono ou mesmo a través do rapaz, para que poida recabar información dos outros profesores. Esta entrevista, ó estar preparada con antelación, será moito máis interesante e fructífera.

Con respecto á educación dos seus fillos e fillas, non teñan nunca reparo ningún en acudir ó titor ou ó Departamento de Orientación do Instituto.

E sobre todo, valore o esforzo que el faga coas tarefas do colexio, porque ás veces esquecemos que o estudio é un traballo intelectual que require tanta adicación e esforzo como calquera outro, e ás veces máis.

COMO PODEMOS AXUDARLLES NO SEU TRABALLO

A parte de mostrar a importancia que lle damos ós estudos dos nosos fillos, coa nosa actitude, como xa está indicado antes, podemos axudarlles coidando outros aspectos como:

Debemos animalo a que estudie todos os días á mesma hora. O alumno debería facerse, e cumprir, un **HORARIO** semanal no que inclúa expresamente un tempo de estudio, polo menos cinco días á semana (en tempo de exames máis).

É importante que no seu horario estea incluído tamén un tempo para a **DIVERSION** e para un adecuado **DESCANSO**. A mellor actividade para un adolescente e o deporte.

A actividade deportiva é boa para a saúde física e psíquica que o estudante necesita para render no seu traballo, e ademais favorece o seu desenvolvemento e facilita o descanso. Nunca castigue ó seu fillo sen facer deporte, ou sen ler; seguro que hai outras actividades menos indicadas que lle pode suprimir se fose necesario.

En canto ó descanso, con durmir oito horas debe chegarlle. Se ten unha hora fixa (máis ou menos) para deitarse, mellor. O resto do día un rapaz sano, para descansar, non precisa máis que deixar o que está facendo para facer unha cousa distinta.

Podendo ser, debería ter un **SITIO** só para estudar, limpo, sempre o mesmo, con moi boa luz, onde poida ter ordeado o seu material de traballo. Boa luz non quere dicir excesiva potencia, que incluso podería ser perxudicial se nos deslumbra ó ler, pero si unha luz no teito e outra na mesa (calquera "flexo" vale).

OUTRAS CONSIDERACIONES

É conveniente que como pais teñamos en conta o seguinte:

- 1) O estudio é un traballo moi duro que esixe moita adicación, (se sobrepasan amplamente as 40 horas por semana, e sen contar transporte), e por se fora pouco só ten recompensa a longo prazo, na vida futura do alumnos.
- 2) Unha característica da infancia e da adolescencia é que esixe recompensa inmediata, e iso non é un capricho dos nenos senón que forma parte da súa natureza.
- 3) O estudio proporciona ós alumnos moitos disgustos inmediatos (adicar horas ó estudio e, ás veces, ver que non se consegue comprender o estudiado, non ver o froito do seu traballo, suspensos aínda tendo estudiado, disgustos cos pais e profesores, sentimento de non ver recoñecido o seu esforzo senón se ve o resultado, etc.).

E as cousas complícanse se pensamos que, ás veces, os alumnos tratan de responder a estes disgustos proporcionando, a súa vez, disgustos a profesores e pais. E unha forma de castigarnos que eles teñen ó seu alcance, é precisamente non estudar, e non lles resulta fácil ver que ese castigo é aínda maior para eles mesmos. O que eles perciben é que nos castigan a nós aquí e agora, mentres que as consecuencias para eles son a longo prazo e, polo tanto, máis difíciles de captar.

- 4) Todos estes factores fan que o estudio requira un esforzo de convencemento persoal moi grande (e ás veces case que heroico).
- 5) Por todo iso, é fundamental que todos, pero sobre todo pais e profesores, sexamos conscientes da dificultade da situación dos alumnos, e sobre todo que recoñezamos o mérito, que ás veces é enorme, do seu traballo.